# A LENDA DA VIRXE DO FARO













Fui eu, madre, en romaría
A faro con meu amigo
E veño del namorada
Por canto falou conmigo,
¡Ca mi xurou que morría
Por mi, tal ben mi quería!
Leda veño da ermida
E desta vez leda serei
Ca falei con meu amigo
O que sempre desexei
¡Ca mi xurou que morría
por mi tal ben me quería!
Deú meu vi con meu amigo
Vin leda, se Deus mi perdón,
Ca nunca lli cuido mentir
Por quanto me él dise entón
ca mi xurou e morría
por mi tal ben mi quería

Trova Xoan de Requeixo

Conta a lenda que as bruxas de Moure colleron sona cando se confabularon para vingarse da Virxe do Faro, de Chantada (Lugo). Seica estaban incomodas con ela pola cantidade de Proxectos perversos que lles malograba. A Virxe ao saber das intencións das bruxas de Moure fuxiu da súa ermida montada nun burro e cando chegou ao castro de Moreda, cansa da longa camiñada, deitouse sobre unha rocha. Ao amencer do día seguinte puidose ver que sobre a pedra quedara a pegada da súa figura.

Nun descampado, llano, na cima do monte está a ermida, de arquitectura sobria, sen campanario e escasa elevación dos alzados que contribúen a acentual solides e horizontalidade que posue.

O día 8, centos de persoas soleen o camiño da Virxe de xeonllos, onde non nacen toxos nin herbas malas, e contan que nun incendio que houbo no monte o lume respectou este camiño ó pesar da seca que había.